



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CONVOCATORIA DE TRES (3) BOLSAS DE COLABORACIÓN NO TALLER DE MAQUETAS DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA

A Escola Técnica Superior de Arquitectura convoca **tres (3) bolsas de colaboración no taller de maquetas** en réxime de concorrencia competitiva. A presente convocatoria axústase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Bases de execución do orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2008, en canto resulte de aplicación, e a Lei xeral orzamentaria e o Regulamento de bolsas da UDC, aprobado en Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007 e modificado na sesión do 31 de outubro de 2007.

1.- OBXECTO DAS BOLSAS.

O obxecto desta convocatoria é a adxudicación de **3** bolsas que permitan cubrir as necesidades de atención, asesoramento e control do **Taller de Maquetas** da Escola Técnica Superior de Arquitectura coa finalidade de garantir o uso axeitado dos equipos. O importe total destas axudas ascende a 3.180 € con cargo a partida orzamentaria do propio centro convocante denominada: **BOLSAS COLABORACIÓN ESTUDANTES-TALLER DE MAQUETAS-** (5220.300C.48000).

3.- FORMALIZACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse por duplicado e acompañadas inescusablemente da seguinte documentación:

- Formulario normalizado (Anexo I)
- Curriculum vitae da persoa solicitante coa documentación que o acredite.
- Certificación académica detallada, na que consten as cualificacións obtidas, as datas de obtención e o número de convocatorias investidas en cada materia.
- Declaración Xurada de non contar con ningunha axuda nin realizar ningunha actividade remunerada. (Anexo II)
- **Data de presentación de solicitudes** Antes das 14 horas do día 21 de febreiro de 2008

4.- CONTÍA E PERÍODO

O importe bruto da axuda é de 265 € , ao que se lle aplicarán, de for o caso, as retencións correspondentes.

Os pagos faranse con cargo á partida orzamentaria do propio centro convocante denominada: **BOLSAS ATENCIÓN AO ESTUDANTE- TALLER DE MAQUETAS-** (5220.300C.48000).

A duración destas bolsas é de 4 meses comprendidos entre o 1 de marzo ao 30 de xuño de 2008

A aceptación da bolsa farase mediante documento asinado pola persoa interesada en que se compromete a cumprir todas as condicións recollidas nesta convocatoria.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A dedicación será de 12,5 horas semanais, a razón de 2,5 horas diarias, de luns a venres, de acordo co horario fixado pola Dirección do centro, dentro da banda horaria de 9:00 a 14:00 horas.

5.- COMISIÓN DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A Comisión de Selección estará constituída por:

Presidente/a.

O Director do centro.

Vogais.

O Secretario do Centro

1 Estudiante membro da Xunta de Escola.

Criterios de avaliación:

- Expediente académico: 7 puntos (un mínimo do 70% da puntuación total)
- Outros méritos: 2,5 puntos (até un máximo do 25 % da puntuación total)
- Coñecemento acreditado do galego: 0,5 puntos (ate un máximo do 5% da puntuación total)

Só se valorarán os méritos que se acrediten documentalmente referidos á data de finalización de presentación de solicitudes.

A Comisión elaborará unha lista priorizada dos/as adxudicatarios/as das bolsas, así como dos suplentes, que se expoñerá no taboleiro da Escola o día 25 de febreiro de 2008

Os/as solicitantes poderán presentar as posibles reclamacións ante a Comisión ata ás 14:00 horas do 27 día febreiro de 2008. Rematado este prazo e avaliadas as reclamacións, o día 28 de febreiro de 2008 farase pública a relación definitiva de adxudicatarios e de suplentes.

Contra esta resolución, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de reposición perante o/a reitor/a no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da UDC

6.- OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra bolsa ou actividade remunerada, salvo as que se convocan para a axudas ao estudo.

As persoas bolseiras comprométense a realizar a súa actividade seguindo as indicacións do titor.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O incumprimento por parte da persoa bolseira dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo, o reintegro das cantidades percibidas.

Todas as baixas que se produciren antes do 30 de xuño de 2008, serán substituídas pola seguinte persoa da relación que elaborará a comisión de selección.

As persoas bolsieras comprométense a presentar unha memoria, antes do 30 de xuño de 2008 das actividades realizadas. O incumprimento desta obriga suporá a devolución da contía recibida.

Esta convocatoria debe ser integrada e interpretada ao abeiro do Regulamento de bolsas da Universidade da Coruña, aprobado na sesión do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007 e a súa modificación do 31 de outubro de 2007.

7.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse na secretaría de dirección da Escola Técnica Superior de Arquitectura, xunto coa documentación acreditativa dos méritos requiridos.

- **Data de presentación de solicitudes** Antes das 14 horas do día 21 de febreiro de 2008

A Coruña, 13 de febreiro de 2008.

O DIRECTOR,

José Manuel Casabella López



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**SOLICITUDE DUNHA BOLSA DE COLABORACIÓN NO TALLER DE MAQUETAS
DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA**

PERÍODO MARZO-XUÑO 2008

NOME: _____

ENDEREZO DURANTE O CURSO: _____

POBOACIÓN: _____ **CÓDIGO POSTAL:** _____

TELÉFONO NA CORUÑA OU FAMILIAR: _____

ESTUDANTE DA: ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA

TITULACIÓN: ARQUITECTURA

A CORUÑA, _____ **DE** _____ **DE 2008**

ASDO.: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- COPIA DO IMPRESO DO PAGO DAS TAXAS DE MATRICULA.
 - COPIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.
 - CURRICULUM VITAE NO QUE CONSTE EXPERIENCIA E COÑECEMENTOS.
- ILMO. SR. DIRECTOR DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DA
CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO II

Don/Dona.....

co DNI número.....

Declaro baixo xuramento que non percibo ningunha axuda económica incompatible.

A Coruña/Ferrol, _____ de _____ de 2008

(Sinatura)